

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3

SESION EXTRAORDINARIA DO 13 DE MARZO DE 2006

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Puente, Miguel	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Bermúdez Pérez, Silvia	Méndez Piñeiro, María Xosé
Caballero Míguez, Gonzalo	Molares Pérez, Lucía Emilia
Calviño Rodríguez, Julio	Polo Lima, María Soledad
Coello Bufill, Antonio	Porteiro García, María Josefa
Comesaña Abalde, Carlos	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Cotobad Tombo, Carlos E.	Sío Lourido, Belén
Couto Pérez, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
Fernández Fernández, Amador	Toba Girón, Xabier
Figueroa Vila, José Manuel	Viéitez Alonso, Henrique
Graña Barcia, María Luisa	
Guerra Fernández, Javier Jorge	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, sendo as nove horas e cinco minutos do día trece de marzo do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno e mailo Interventor Xeral, don José Ramón González Carnero.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

ÚNICO.- (48).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Con data 22 de febreiro de 2006, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, a solicitude da Alcaldía-Presidencia contida na moción de 21 de febreiro de 2006, presenta o seguinte informe-proposta:

“De conformidade coa documentación obrante no expediente, o Real Club Náutico de Vigo cumpre este ano o centenario da súa andaina coma unha das institucións deportivas máis importantes da cidade e a primeira relacionada co mar.

O Real Club Náutico fundouse o 17 de abril de 1906 coma clube náutico nun alpendre da praia do Areal realizando as reunións na Comandancia de Marina. Posteriormente un fermoso buque de tres paos, fondeado onde hoxe se atopa o edificio social, albergaría o clube.

En 1932 fusionouse co Club Marítimo de Vigo iniciando así unha importantísima etapa organizando constantes competicións de remo, natación, waterpolo, piragüismo, vela e outras actividades. Coma proba disto, en 1947 conquistou en remo o primeiro título de campión de España e deste xeito en 1948 organizaría o Campionato de Iolas.

En 1952 o Real Club Náutico inauguraba a súa actual sede social no emblemático edificio con aspecto de navío ancorado en terra, verdadeiro icono da arquitectura racionalista viguesa.

Nesta sede tiveron cabida todas as actividades, non só deportivas senón sociais e culturais. Non se pode esquecer que nas súas salas máis dun ou dunha artista iniciou a súa andaina expositiva e moitos e moitas consagrados e consagradas colgaron as súas obras nas súas paredes.

Xeracións de vigueses e viguesas iniciáronse en deportes náuticos nesta sociedade: nadadores coma Alejandro Febrero, olímpico de 1948, Cholo Armada, o máximo campión de vela da nosa cidade, os irmáns Massó e unha longa lista que sería imposible mentar fan unha interminable relación de logros desta entidade.

Doutro xeito, nesta longa andaina milleiros de vigueses e viguesas iniciaron a súa vida social tras os cristais das amplas xanelas cara ó mar.

O Real Club Náutico participou activamente coma a primeira sociedade deportiva naval na organización das máis importantes regatas. Servan coma exemplo a Cutty Sark, a regata Trois Caps e recentemente a Volvo Ocean Race, sen esquecer organizacións coma a regata da Virxe do Carme, a regata das Rías Baixas, ou os campionatos de Iolas e outrixers.

O Real Club Náutico foi galardoado coa Orde do Mérito Deportivo e outras distincións do Goberno autonómico e clubes estranxeiros.

Toda esta bagaxe deportiva, social e cultural forma parte, de xeito entrañable, da historia desta cidade.

Por todo isto propónse ó Pleno da Excma. Corporación municipal a concesión da Medalla da Cidade e Reconquista 2006 ó Real Club Náutico de Vigo, en consideración á súa centenaria traxectoria a prol da vida deportiva, social e cultural dos cidadáns e das cidadás de Vigo e en consideración á continuidade ininterrompida das súas actividades.”

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión extraordinaria e urxente de 9 de marzo de 2006, dictamina favorablemente a devandita proposta.

Con data 22 de febreiro de 2006 o xefe de Protocolo informa que de conformidade co establecido no Regulamento de Honras e Distincións vixente (artigo 3º) os expedientes de concesión da Medalla da Cidade iniciaranse por petición popular, moción da Alcaldía ou grupo político pertencente á Excma. Corporación. A proposta deberá ser aprobada polo Pleno da Excma. Corporación en sesión extraordinaria.

A Medalla da Cidade deberá cuñarse segundo modelo descrito no vixente Regulamento e a súa concesión deberá comunicarse particularmente ó interesado.

A Alcaldía-Presidencia procede a ler o texto do informe-proposta que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos visntesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder a Medalla da Cidade e Reconquista 2006 ó Real Club Náutico de Vigo, en consideración á súa centenaria traxectoria a prol da vida deportiva, social e cultural dos cidadáns e das cidadás de Vigo e en consideración á continuidade ininterrompida das súas actividades.

O presente acordo de concesión deberá comunicarse particularmente ó Real Club Náutico de Vigo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do

Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-
Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.